



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o procedemento seguido para a creación dunha bolsa de emprego para postos de conductor de tractor-desbrozadora e labores de desbroce e limpeza de vías e espazos públicos, e publicada a lista definitiva o 8 de xuño de 2017 e xa transcorrido do prazo de reclamacións e resultas as presentadas.

Visto que o concello precisa cubrir un posto de traballo de conductor de tractor- desbrozadora por prazo de once meses, dende o 22 de xaneiro ó 22 de decembro de 2018, co fin de poder realizar estas labores durante todo o ano e non so nos meses de verán.

Consonte o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no texto refundido la lei de contratos do Sector Público; pola presente, **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Realizar o chamamento para esta praza segundo a orde definitiva da lista da bolsa de emprego para conductor de tractor-desbrozadora e labores de desbroce e limpeza de vías e espazos públicos, deixando constancia no expediente do mesmo e o seu resultado.

SEGUNDO.- Formalizar o contrato correspondente coa persoa que corresponda.

TERCEIRO.- Publicar resolución na páxina web municipal no cumprimento do deber de transparencia das Administracións Públicas e segundo o disposto nas bases das listas correspondentes.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, en Barreiros a dezaseis de xaneiro de dous mil dezaioito.

O alcalde

Ante min

A Secretaria

J. Alfonso Fuente Parga

Begoña Teijeiro Campo